

Xoán Manuel Pintos Villar, retratado por Quintas Goyanes. ▶

rentes centros (Escola Normal de Maxisterio, Real Sociedad Económica de Amigos del País...).

O seu labor no terreo da ilustración gráfica, sobre todo no linóleo, foi intenso nos anos 30. Participou en publicacións como *Logos*, *Cristal*, *Aturuxo* ou *Spes* e en obras como *Guía de Pontevedra*, de Figueira Valverde, e *Antre dous séculos* (portada) e *Ex-libris*, de Álvarez Limeses. A súa ideoloxía galeguista de tradición familiar (era bisneto de Xoán Manuel Pintos Villar) e o compromiso activo co Estatuto de autonomía de 1936 obrigárono, ó estoupa-la Guerra Civil, a refuxiarse no mosteiro de Poio. Alí comezou a carreira eclesiástica, que logo seguiu en Tui e Santiago de Compostela.

Nos 40 retomou a actividade artística pintando os murais do Café Moderno da súa cidade e ilustrando *Guía-Anuario de Pontevedra* e as publicacións *Finisterre* e *Sonata Gallega*. En 1947 foi ordenado sacerdote, motivo polo que dende entón, e ata a súa morte repentina o 25 de xullo de 1959, as ocupacións docentes e relixiosas fixeron mingua-la súa produción.

A súa experiencia pictórica, demostrada antes da Guerra Civil, sitúa a súa obra no grupo dos chamados Renovadores da pintura galega. Amosou unha preocupación especial pola captación dos fenómenos meteorolóxicos (*Trebón, O vento vén do norte...*), os efectos de luz impresionistas (*Luz no mar*) e, influído polos seus primeiros debuxos arqueolóxicos, pola representación de monumentos (*Claustro de Poio, Combarro...*). Sen abandonar a adscripción á pintura paisaxística romántica que caracterizou os seus óleos e gravados, as obras de Pintos Fonseca foron evolucionando á par das novas experiencias vitais e da influencia doutros artistas (os pintores Sobrino e Castelao, o escultor Narciso Pérez...). No conxunto da súa produción tiveron unha relevancia especial os seus carteis (festas da Peregrina, Estatuto do 36...) e estampas (*Flores, Nocturno...*), así como os debuxos e óleos de grandes dimensións da etapa final da súa pintura (*Nenos bañándose nun salón do Lérez, Paisaxe do Lérez...*), afastada xa dos postulados artísticos do momento.


PINTOS VILLAR, Xoán Manuel. Naceu en Pontevedra o 16 de decembro de 1811 e faleceu en Vigo (Pontevedra) o 29 de xuño de 1876. Pasou os primeiros anos da súa vida en Pontevedra, Ferrol, A Coruña e Santiago de Compostela, onde iniciou en 1825 os estudos de Filosofía e aprendeu música e violín con Juan de Curtí: *de violín gran profesor, / meu maestro que en España / penso que non o hay mellor* "Recramo".

Entre 1829 e 1835 cursou a carreira de Dereito e, despois de licenciado, ocupou un ano a praza de profesor de Institucións


Canónicas. En 1837 fíxose avogado na Coruña e alí exerceu a profesión ata que en 1840 se trasladou á súa cidade natal. Neste mesmo ano—despois do pronunciamento progresista de setembro— foi nomeado xuíz de Primeira Instancia de Cambados, posto no que permaneceu ata a súa destitución, polos moderados, en 1844. En 1841 casou con Serafina Amado—irmá do tamén escritor Xosé Benito Amado—, con quen tivo 14 fillos. Entre 1844 e 1862 viviu en Pontevedra onde exerceu a profesión de avogado—chegou a ser decano do colexio profesional— e a ensinanza, pública e privada. Estes anos pontevedreses son os de maior actividade literaria e periodística. Dende 1862 ocupou a praza de rexistrador da Propiedade de Vigo.

Xoán Manuel Pintos foi, sen dúbida, o poeta do primeiro Rexurdimento—anterior á publicación de *Cantares gallegos*— que amosou unha maior preocupación nos seus escritos pola *gallega nación* "Recramo" e polo estudo e recuperación do seu idioma. Boa proba disto é que, con excepción dos versos que, curiosamente, pon en boca do *tamborileiro*, non galego, en *A gaita gallega*, non se coñece ningunha composición súa en español.

Isidoro Millán di que cando morreu estaba componendo un poema dedicado ó defunto Vesteiro Torres—a quen xa lle dedicara a composición "A D. T. V. T. Fillo de Vigo", publicada en *El Heraldo Gallego*—, o fundador, un ano antes, da sociedade madrileña Galicia Literaria, da que Pintos foi socio de mérito. O que non se sabe con exactitude é cando comezou a escribir. Nun traballo recente, Rafael Chacón atribúelle *con toda seguridade* o



A gaita gallega, poemas de Pintos Villar.



romance "A entrada do Sr. Arsbispo cando vinha do seu desterro de Maón", impreso en 1844 en Santiago baixo as iniciais J.P.V.

De ser así, esta sería a súa primeira composición publicada. Un ano máis tarde, en *Misterios de Pontevedra*, aparecidos anonimamente por entregas e atribuídos a Xosé Benito Amado, figuran os poemas "O achadizo" (entrega 6ª) e "A usura" (entrega 7ª), que Pintos introduciu, con lixeiras variantes ortográficas, en "Foliada 5ª" de *A gaita gallega*. Na entrega 4ª hai uns versos en galego que non se sabe se tamén son obra de Pintos. En 1846 publicou no xornal pontevedrés *El Circulador* o poema "Contos de aldea", que nada ten que ver coa longuíssima composición—ó redor de 6.000 versos—"Contos da aldea, que parecen historias da vila, ou historias da vila, que parecen contos da aldea", publicada en *El Álbum de el Miño* doce anos máis tarde e na que relata a historia de Rosa e Pedro.

En 1853, publicou en Pontevedra *A gaita gallega tocada po lo gaiteiro, ou sea Carta de Cristus para ir dependendo a ler, escribir e falar ben a lengua gallega, e aínda máis*, obra que tiña anunciada, cun pregón no que declaraba as intencións dela, un ano antes. Nunha carta enviada a Antonio de la Iglesia en 1856 declaraba que se puxera a escribirla *con ánimo de escitar la afición de mis paisanos al estudio de la lengua patria, a fin de que llegase a depurarse de todo lo malsonante y áspero, a uniformarse, y a ser, como debe, dulce, melosa, abundante, sonora, llena y enérgica*.

Esta obra é, en palabras de Murguía, un libro *destinado máis que a outra cosa a dar muestra de la índole y carácter de aquel*

dialecto, a extender el gusto hacia su estudio y a probar que aunque se halla hoy algún tanto degenerado, olvidado, no por eso se halla menos a propósito para expresar todas las ideas, todos los sentimientos, todas las inspiraciones, del mismo modo que cualquier otro idioma literario.

Trátase, pois, sobre todo, de iniciais-non galegos que se atopan en Galicia no estudo do idioma do país, de incita-los galegos ó seu uso e ó seu estudo e defendelo –igual có propio país– dos seus detractores. Para iso, o *Gaiteiro do Burgo* sérvese do tamborileiro Pedro Luces, quen non coñece o idioma, por ser foráneo, pero que ten interese en aprendelo. Pero o libro é ademais unha sorte de *apoloxia xeral de Galicia e un alegado patriótico*, como di Carballo Calero. Hai defensa afervoadada de Galicia e denuncia dos males que padece: emigración, fame, pobreza e traballo roxo das súas xentes (campesiños, mariscadores...).

A *gaita gallega* –que ademais de en galego ten páxinas en latín e español– está dividida en sete partes ou foliadas e remata cunha crítica a unha apócrifa “Foliada 8^{ra}” aparecida en Pontevedra baixo as iniciais J.A. Rafael Chacón pensa, no artigo citado, que podería tratarse de Xosé Benito Amado. En tres ocasións –1854, 1857 e 1874– intentou publicar unha *Segunda setena* que quedou en anuncios e nunha pequena entrega.

Ademais dos poemas citados coñécese da súa autoría 22 composicións poéticas máis, que viron a luz en diferentes publicacións periódicas: *El País, La Perseverancia, El Álbum de el Miño, El Heraldo Gallego, La Caridad, El Desengaño...* A titulada “O loito” publicouse logo da súa morte en *O Novo Galiciano* (o 28 de outubro de 1888). Case todas elas carecen de valores literarios e algunhas teñen como único fin o emprego dun léxico determinado que lle interesaba divulgar. Salienta entre elas a titulada “Recramo” (1859), na que tras manifesta-la intención de facer un *reclamo ós galleguiños / que por si han de volver*, fai un percorrido por toda Galicia e remata facendo unha defensa do idioma:

*Poder de Dios! que si eu fora
entre vos un día rey
para escarmiento de todos
iba á poñer esta ley.*

*Todo aquel que aquí prefira
lengua allea à de seus país,
seralle arrincada a sua
da boca para jamais.*

Como xa quedou apuntado, Pintos amosou unha gran preocupación polo idioma e unha boa parte da súa obra poética naceu por este motivo. Pero ademais escribiu *Breve diccionario gallego, escrito por el tamborileiro para facilitar la*

inteligencia de la Gaita Gallega tocada por el gaitero, impreso en parte e que só chega á palabra *côr*, e un *Breve diccionario gallego* que se conserva manuscrito na Real Academia Galega e que contén arredor de 6.000 voces, dende a preposición *a* ata o substantivo *zutra*, sen esquecer-las 15 páxinas que en *A gaita gallega* dedica a da-lo étimo latino –en parte enganado– de palabras galegas, o que supón o primeiro intento de diccionario etimolóxico en galego.

Dentro dese interese polo idioma están tamén a axuda que prestou no ordenamento do “Glosario” que acompaña a *Cantares gallegos* de Rosalía e a edición que fixo, en 1859, de *Recopilación de muchas palabras, voces y frases de la lengua gallega hecha por el Rmo. Padre Fr. Martín Sarmiento, honor y gloria de Pontevedra, su patria*, na que inclúe un soneto a el dedicado. (Xosé María Dobarro Paz)

PINTURA. *s.f.* **1.** Materia que se emprega para pintar. **2.** Recubrimento dunha superficie feito con pintura. **3.** Arte de pintar. **4.** Obra que resulta da acción de pintar. **5.** Conxunto da obra dun pintor, dun estilo ou dunha época.

A pintura galega responde á condición de *finis terrae* de Galicia. Os diferentes estilos que se poñen en voga na Europa occidental en tempos sucesivos teñen aquí un eco peculiar, xustificado en parte por ese distanciamento dos núcleos onde se forxan as liñas directrices das diferentes correntes artísticas que se poden localizar. Con todo, hai un feito que tende a aproximar Galicia ós ritmos da cultura europea: o papel de Santiago de Compostela como punto terminal de diferentes camiños que traen ata aquí influxos variados.

Outra das notas que, en principio, pode contribuír a especifica-lo carácter da pintura galega é a do seu particular xeito de levarse a cabo, xa que ten como principal

punto de desenvolvemento durante bastantes séculos o interior da igrexa, pois vai se-la obra de carácter mural a fundamentalmente traballada.

A presenza en Galicia de pintura anterior ó século XIX resulta hoxe, en liñas xerais, escasa, o que non quere dicir necesariamente que houbese pouca pintura ó longo da historia. O que aconteceu máis ben é que, por razóns diversas, o patrimonio pictórico galego se foi perdendo no transcurso do tempo. O clima non favoreceu en Galicia a conservación, pero non é, nin moito menos, o axente principal de destrución; hai casos, como o de San Pedro de Rocas (Esgos), nos que a pintura permaneceu incólume en condicións ambientais negativas e, pola contra, non pode resistir na actualidade o golpe mortal dunha actuación humana irresponsable que incide negativamente na súa axeitada conservación.

Os indicios existentes en relación cunha pintura prehistórica son poucos, pero suficientes para dar mostra do sentido que tal pintura tivo. Practicamente, redúcese hoxe esa aproximación á lectura que Leisner fixo da decoración do dolmen da Pedra Cuberta, no municipio de Vimianzo, por medio da que se chega a coñece-la decoración pictórica de toda unha sepultura.

Tamén na Galicia romana o labor pictórico debeu ser importante. Unha vez máis a conservación de obra é mínima. Unicamente se pode aludir á que se atopou na vila romana de Centroña (Pontedeume), onde apareceu parte da decoración pintada sobre unha parede, que Luengo Martínez datou no século IV, e unha breve alusión á pintura descuberta na cidade de Lugo.

Cun momento posterior débese poñer en relación a famosa ornamentación de Santalla de Bóveda de Mera (Lugo), que



Murais do século XVI na igrexa de Santa María de Cuña (Oza dos Ríos, A Coruña).